



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

CONCELLO DE CAMARIÑAS

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DATA PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS: 19/08/15

CONVÓCANSE AS PROBAS SELECTIVAS, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO, DUN/DUNHA PERSOA DE APOIO PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROXECTO “GALEUROPA, PROXECTO DE MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL COSTA DA MORTE” NO MARCO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR AO CONCELLO DE CAMARIÑAS (COMO REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CAMARIÑAS, CARNOTA, DUMBRÍA, MAZARICOS, MUXIA, VIMIANZO E ZAS) NO MARCO DA ORDE DO 4 DE XUÑO DE 2015 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE MOBILIDADE TRANSNACIONAL XUVENIL (GALEUROPA) CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL E SE PROcede A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2015.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a regulación da contratación dun/dunha persoa de apoio para o desenvolvemento e execución do Proxecto “Galeuropa, Proxecto de mobilidade transnacional xuvenil Costa da Morte”, no marco da subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar ao Concello de Camariñas (como representante da agrupación dos Concellos de Camariñas, Carnota, Dumbría, Mazaricos, Muxia, Vimianzo e Zas) no marco da Orde do 4 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2015.

A persoa contratada, de conformidade co Proxecto se encargará da xestión, titorización e apoio na execución e seguimento das mobilidades. Ademais realizará a preparación sociocultural antes das mobilidades dos participantes e será mentor da mocidade participante nas mobilidade.

A realización das anteriores funcións conllevará flexibilidade horaria e plena dispoñibilidade para o desprazamento a outras localidades incluídas as de outros estados membros da Unión Europea.

A presente contratación realizase e queda vinculada a Orde do 4 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2015 e resolución definitiva de entidades locais beneficiarias de data 3 de agosto de 2015.

SEGUNDA.- MODALIDADE CONTRACTUAL, DURACIÓN E RETRIBUCIÓNNS.

A modalidade de contrato é a regulada polo art. 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores, é dicir contrato de traballo de duración de determinada (obra ou servizo determinado) e a tempo completo.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A duración do contrato será o tempo preciso para o desenvolvemento e execución das actuacións que se recollen na base primeira, en todo caso a contratación non terá unha duración superior a dous meses.

O horario de traballo será fixado de acordo coas necesidades do servizo en virtude de Decreto da Alcaldía e sempre tendo en conta que deben de desenvolverse e executarse as actuacións ás que se refire a base primeira.

Fíxase unha retribución bruta mensual de 1.200,00 € (salario base 1.028,57 € e parte proporcional de pagas extras 171,43 € (devengo semestral))

TERCEIRA.- CONDICIÓN S DOS ASPIRANTES.

Para poder participar na selección, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

A) Ser cidadán español, sen prexuízo do establecido no art. 57. 4 da lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público en canto resulte de aplicación e nos termos establecidos.

B) Ter cumplidos 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

C) Estar en posesión do título de diplomado ou licenciado ou grado. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estar en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

D) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

E) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

F) Nivel de coñecemento de inglés equivalente, como mínimo, ao B2 (avanzado) segundo o previsto no Marco común europeo de referencia para as linguas.

As persoas con discapacidade igual ao superior ao 33 por cento deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado acreditarase mediante certificación expedida por organismo competente.

Os anteriores requisitos deberanse posuér con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

Será nulo a contratación dos que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- As solicitudes presentaranse en modelo oficial que se achega como anexo ás bases, dirixidas ao señor Alcalde-Presidente, presentaranse no Rexistro Xeral en horas de oficina, durante o prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios). As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e neste caso os



concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

2.- Á instancia unirse:

- a) Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou NIE
- b) Fotocopia compulsada da titulación esixida para participar na convocatoria, debendo acreditarse mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, certificado substitutorio do título expedido pola autoridade competente (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio competente en materia de educación en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).
- c) Nivel de inglés acreditarase mediante a presentación do certificado ou copia autenticada deste expedido por organismo competente, que acredite un nivel de coñecemento de inglés equivalente, como mínimo, ao nivel B2 (avanzado) segundo o previsto no Marco común europeo de referencia para as lingua.
- d) Relación dos méritos que alega.
- e) Orixinal ou fotocopia compulsada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.

3.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

QUINTA.- ADMISION DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución dentro dos cinco días hábiles seguintes, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, indicando os motivos da exclusión no caso de que os houbese. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios). Nesta resolución indicarase no seu caso a causa de exclusión, concedendo un prazo de tres días soltos para reclamacións ou emendas de defectos. No caso de que as solicitudes non deran lugar a subsanación na resolución do Alcalde aprobarase xa a lista definitiva de aspirantes admitidos.

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, o Alcalde ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, así como a data, hora e lugar en que deberá de reunirse o tribunal aos efectos de valorar os méritos alegados. Resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios)

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulta que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Cando da documentación que se ten que presentar, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da participación neste procedemento.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

1.- Estará formado polos seguintes membros:

Presidente: D. Emilio Jose González Ramos, axente de desenvolvemento local de Camariñas.

Suplente do Presidente: Dna. M^a Dolores Pena Pena, axente de desenvolvemento local de Carnota.

Vogais:

Dna. M^a Josefa Jiménez Sánchez, axente de emprego e desenvolvemento local de Camariñas.

Dna. Isabel Agra Pose, axente de emprego e desenvolvemento local de Zas.

D. José Ramón Esperante Otero, axente de emprego e desenvolvemento local de Mazaricos.

Vogal suplente:

D. José Canosa Diz. Educador Familiar do Concello de Muxía.

Secretaria: Dna. Rosa M^a Sánchez Martínez, técnica de emprego e desenvolvemento local de Vimianzo.

Secretario suplente: D. Tomé Freire Blanco, axente de emprego e desenvolvemento local de Dumbría.

2.- Os membros do Tribunal estarán suxeitos ós supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada, non podendo ser nomeados membros, colaboradores ou asesores do tribunal os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.- O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de aló menos tres dos seus membros. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

O secretario/a do Tribunal actuará con voz pero sen voto. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

4.- O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse únicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.- O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

SÉPTIMA.- SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA PROBA

SELECCIÓN

A selección realizarase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, promovendo a selección entre os candidatos que cumplan as condicións esixidas na presente convocatoria.

A selección realizarase de conformidade co previsto na presente base polo sistema de concurso, con arranxo á seguinte baremo:

A) Experiencia profesional ata un máximo de 15,00 puntos.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Polos servizos prestados no ámbito do emprego e xuventude na Administración Local ou noutra Administración Pública: 0,25 puntos/mes.

Por servizos prestados no ámbito do emprego e xuventude na empresa privada: 0,10 puntos/mes.

No caso de servizos prestados na Administración Pública: Acreditarase mediante certificación de servizos prestados expedida polas autoridades correspondentes da Administración Pública de que se trate e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

No caso de servizos prestados na empresa privada: Acreditarase mediante contrato de traballo e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Non se computarán servizos por períodos inferiores a un mes, considerándose tódolos meses de trinta días. No caso de servizos que non foran prestados a xornada completa procederase a súa prorrata, tomando en conta corenta horas á semana.

B) Formación complementaria ata un máximo de 5,00 puntos.

Cursos e xornadas directamente relacionados co posto de traballo e/ou labores a desenvolver, expedidos por organismos oficiais:

Cursos de 0 a 20 horas: 0,10 puntos/curso.

Cursos de 21 a 50 horas: 0,20 puntos/curso.

Cursos de 51 a 100 horas: 0,30 puntos/curso.

Cursos de máis 100 horas: 0,40 puntos/curso.

A acreditación deste apartado realizarase mediante a presentación certificados ou diplomas expedidos polas organismos ou institucións oficiais das administracións públicas ou incluídas nos plans de formación das mesmas.

Os cursos, certificacións ou diplomas nos que non consten o número de horas lectivas non se valorarán.

Aos efectos determinar a relación do curso e/ou xornada co posto de traballo e labores a desenvolver se atenderá ao seu contido/programa.

C) Posesión do carné de conducir: por estar en posesión do carné de conducir B1 obterase 1,00 punto. Acreditarase mediante copia compulsada do permiso en vigor.

D) Coñecemento de lingua galega ata un máximo de 1 punto

Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

CELGA 4 ou equivalente: 1,00 puntos

CELGA 3 ou equivalente: 0,50 punto



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A acreditación deste apartado realizarase mediante a presentación do correspondente certificado.

Neste apartado D) computarase unicamente o de grado superior alegado e só se concederá validez aos cursos e titulacións oficias ou que foran debidamente validados.

A puntuación máxima total que é posible acadar na globalidade do concurso de méritos é de 22 puntos, debendo de respectarse os máximos establecidos en cada un dos epígrafes do baremo.

SUPERACIÓN DO CONCURSO

Para superar o concurso haberá que acadar unha puntuación mínima de 10,00 puntos.

PUBLICIDADE DO CONCURSO

Os resultados desta do concurso faranse públicos, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos mediante a publicación na sede electrónica do Concello (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

DESEMPEATE

No suposto de empate a puntos entre dous ou más candidatos/as o criterio de contratación será o da persoa que teña mais puntos na experiencia profesional no caso de persistir o empate este resloverase por sorteo.

OITAVA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de postos convocados e faraa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello, tamén se anunciará a título meramente informativo na sede electrónica do Concello de Camariñas (sinalándose nesta a data de publicación no taboleiro de anuncios).

2.-De acordo coa relación, elevarase ao Sr. Alcalde, ademais da acta da sesión, a proposta de designación do aspirante aprobado.

3.-Na acta da sesión, incluirase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, no caso de que as persoa/s seleccionada/s non reunise/n os requisitos necesarios para a contratación poderá/n ser substituída/s pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir alguma praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

NOVENA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

1.- O aspirante proposto presentará na Secretaría do Concello, no prazo de **3 días hábiles**, desde que sexa requiridos a elo pola Alcaldía, os documentos seguintes:

- a.-Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade.
- b.-Certificado e/ ou informe médico de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza á que optou, ou que non lle impida o desenvolvemento dunha actividade laboral normal.
- c.-Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha administración pública nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- d.-Declaración xurada de non estar incuso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- e- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.
- f.-Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo organismo competente.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado da documentación sinalada na presente base, agás nos casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidaxe na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar a súa contratación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerarase feita a prol do aspirante que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

Ante a imposibilidade debidamente xustificada, de presentar a documentación requirida, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria, mediante calquera medio de proba admisible en Dereito.

DÉCIMA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.- Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación/contratación do aspirante seleccionado procedéndose á formalización do correspondente contratos laboral na data que se sinale, para o que será necesario que previamente se comunique o número de afiliación á Seguridade Social (no caso de que este non tiña sido comunicado previamente dita comunicación deberá facerse no prazo que se sinale por esta Administración).

2.- Mientras non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

3.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.



UNDÉCIMA.-INCIDENCIAS.

1.-Aprobación das bases da convocatoria e os actos administrativos que se sucedan poderán ser recorridos polos interesados nos casos e do xeito establecido na Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, Lei 7/2007, de 12 de abril, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público e a normativa laboral de aplicación.

NORMAS FINAIS

Primeira: Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.

Segunda: Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interpuesto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interpuesto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

MODELO DE SOLICITUDE

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:	
D.N.I./N.I.E./PASAPORTE Nº:		DATA DE NACIMENTO:	NACIONALIDADE:
ENDEREZO:		C.P.:	LOCALIDADE:
PROVINCIA:		TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:			

EXPOÑO:

Á vista da convocatoria para a contratación dunha persoa persoa de apoio para o desenvolvemento do "Proxecto de mobilidade transnacional xuvenil Costa da Morte", no marco da subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar ao Concello de Camariñas no marco da Orde do 4 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de Mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2015 e DECLARANDO reunir todas e canda unha das condicións que se esixen na base terceira da convocatoria, e co coñecemento e expresa aceptación de tódolos termos da mesma,

SOLICITA:

A participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

DATA E SINATURA DO SOLICITANTE


En Camariñas, a ____ de _____ de 2015

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CAMARIÑAS



CONCEBUTO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Camariñas, a 19 de agosto de 2015



Asdo.: Manuel Valeriano Alonso de León